



CONCERTO - EXPOSICIÓN

É un orgullo para nós, un ano máis, pechar a programación de actos desta Semana das Artes Galegas contando coa xenerosa colaboración dun artista local.

Neste acto, teremos ocasión de escoitar diversas composicións orixinais e arranxos de inspiración galega interpretados por diferentes formacións instrumentais de alumnos do Conservatorio, nun espazo que acollerá unha mostra de obras do artista Toño Valle. A súa pintura está marcada polo interese no cotiá e na representación, tanto no contexto urbano como rural nunha captura de lugares fácilmente recoñecibles mediante un realismo certo pero sempre marcado pola liberdade expresiva.

Xoves 3 de abril 19:00 h - Casa das letras

ORGANIZA



www.conservatorioaestrada.gal

III SEMANA DAS ARTES GALEGAS

Do 31 de Marzo ao 3 de Abril

2025





CONCERTO

Nada é máis gratificante, nesta semana conmemorativa das artes galegas, que homenaxear aos nosos artistas máis queridos, que non son outros que eses músicos e músicas hoxe profesionais que realizaron no noso Conservatorio algunha etapa da súa formación. Recibimos nesta edición á saxofonista Claudia Carballo.

PROGRAMA

Sonata en Fa menor N° 1, Op. 120

J. Brahms

(orixinal para clarinete e piano/Transcr: Helena Otero e Nahikari Oloriz)

I. Allegro appassionato

Fantaisie sur un thème original, Op. 32

Jules Demersseman

Sonate en Ut#

Fernande Decruck

Fantaisie

Jörg Widmann

(orixinal para clarinete/Arr: Lois Alén)

Claudia Carballo, saxofón

Gabriel López, piano

Martes 1 de abril 19:00 h - Salón de actos



PONENCIA



A Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA) dedica o Día das Artes Galegas de 2025 ao artista, creador e intelectual galego Isaac Díaz Pardo.

Da man do catedrático de Xeografía e Historia e doutor

en Historia da Arte, Xosé Mª Lema Suárez, coñeceremos a este destacado e polifacético representante da arte galega, ilustre pintor e ceramista, diseñador, editor e sen dúbida, figura fundamental e referente ineludible para poder comprender as artes contemporáneas do noso país.

Luns 31 de Marzo 19:00 h - Salón de actos

PRESENTACIÓN

É ben sabido que antigamente nas feiras había de todo, e por non fallar sempre atoparíamos a un cego (de verdade ou de mentira, pois “pra pasar por cego hai que ter moita vista”) co seu cartel, o seu instrumento musical e a muller que cantaba e vendía os papeis coa lenda, xeralmente un crime. Neste traballo, os alumnos de “Música tradicional galega” afondan na relación entre as artes escénicas e as plásticas a través do estudo dos carteis de cego realizados por Isaac Díaz Pardo na década dos anos setenta do século pasado, e que constitúen un fermoso exemplo da arte de contar historias con imaxe, literatura e son.

Mércores 2 de abril 19:00 h - Salón de actos